



A MOBILIDADE IMPOSIBLE



A foto que fala



Foto: Rodrigo Abd

E Carnaval foi passando ...

O trasno

Daniel López

A Nena do Pano contra a Superdemocracia Popular



Autonomía dos centros e dos consellos e dos pais e das nais. Democracia popular, populista e visceral, digo, radical. Normas internas. Decisión maioritaria. Que raios!, para democratas, nós!

A nena do hiyab de Arteixo, que é aplicada e boa compañeira, non poderá seguir no centro escolar. “Porque non respecta aos demais”, sentencian. E así, en nome da democracia e da igualdade da muller, fannos dudar.

Claro, como en Turquía hai problemas con estes temas e temos un gran sentido da prevención anticipada -sempre nos caracterizamos por iso, pola nosa gran capacidade de anticipación aos problemas sociais- evitamos que o Islam tome posicións e acoutamos o terreo a eses perigosos brotes de integrista. O paniño da nena é intrinsecamente perigoso. En esencia, e cando menos, tan perigoso como un escapulario do sagrado corazón, unha camiseta do Che ou unha bufanda do Real Madrid. Símbolos violentos todos eles. Quen ignora aos guerrilleiros de Cristo Rei, aos tolos de Sendero luminoso ou aos hooligans rompedidades? Prevención, moita prevención. A nena ten toda a traza de ser unha zapadora de Al-Qaeda.

Que debemos e que non debemos someter a esa prodixiosa “democracia popular”? Nun centro da Terra Cha os pais queixáronse alporizadamente porque os nenos e nenas eran obrigados a cooperar na recollida dos

seus pratos do comedor. Intolerable, dicían, que os nosos fillos teñan que facer de criados. Noutro houbo unha reacción colectiva contra a “presión” que sufrían os seus fillos por inxerir unha dieta sá. Intolerable, berraban, que alguén ouse obrigarlles a comeren o que non lles apetece, xa na casa toman as súas salchichas con patacas fritas e os seus bollicaos.

A “democracia popular” fainos o traballo. Vale para coartada para empequenecer o futuro da lingua galega, en nome da “liberdade”. Tamén agora, para expulsar á nena do pano, cunha importante diferenza, xa que desta volta se fai en nome do “respecto”. Nalgún lugar haberá unha rebelión “popular” contra as verduras obrigatorias, e daquela farase en nome “dos dereitos da infancia”.

A vontade popular avanza, inzada de antivaleiros, como un “Gran Hermano” eterno, como un “Sálvanme” perpetuo, como unha “Noria” que non para.

Editorial Entre avogados os atoparedes

52 persoas, quer dicir, toda a parroquia de Rivadulla, tiveron que acudir aos xulgados de Arzúa tras seren demandados pola diocese de Lugo. A causa, a disputa da titularidade do campo da festa, que o bispado tentara vender coa casa reitoral e que os veciños impediron, ao entenderen que era de seu. Unha demanda espectacular que nos lembra outra, esta vez por parte dos veciños da parroquia de Paraños (Covelo), ao se decataren da venda da súa casa reitoral por parte do párroco, que acabou por destapar o aínda non resolto “caso retablo”, polo que foi imputado, entre outros, o anterior bispo de Tui-Vigo. Ou o máis recente caso de Padróns (Pontearreas),

E non é un problema interno da institución, senón do seu papel na sociedade

sen misas desde que o seu novo párroco foi acusado polos veciños de estar implicado no roubo dunhas xoias da parroquia.

Sen prexulgar a veracidade dos feitos, o fondo e as formas destes conflitos levan a unha reflexión. A Igrexa é o Pobo de Deus, mais quen xestiona as súas propiedades? Parece claro que unicamente a xerarquía. Non é que non se deixe participar na toma de decisións ás comunidades parroquiais senón que, ás veces, nin son consulta-

das, mesmo chegando a tomarse esas decisións ás agachadas. E non é un problema interno da institución, senón do seu papel na sociedade: orfos como andamos, nesta crise económica, de exemplos de economía alternativa e doutro xeito de xestión dos recursos que fagan fronte a este modelo capitalista-único-possible, a xerarquía eclesial optou polo modelo dominante, recorrendo á vía legal para esixir os seus dereitos como propietario.

Rivadulla, Paraños, Padróns e outros moitos casos demostran que cada vez son menos os que cren que a Igrexa é un espazo onde se poden tratar e resolver os problemas. E non estamos a falar de *comunidades radicais minoritarias próximas á teoloxía da liberación*, senón da freguesa de domingo, de misa diaria e de vida parroquial. Como tampouco o fora o caso do cóengo de Granada que, hai catro anos, decidira denunciar, pola vía civil, o seu novo bispo por acoso moral, sabedor das nulas posibilidades que podería ter unha reclamación dentro da institución. A Igrexa, a este paso, só continuará a perder credibilidade, non só polo quefacer das súas autoridades, senón polo inxustas das súas estruturas. Un distanciamento que se transluce nas declaracións como a do representante dos veciños de Rivadulla á saída do xulgado: “Non cremos nos curas, mais si en Deus”

Rumores de esperanza

Xan Guillén

De armarios e de persoas

Cando eu tiña quince anos e estaba cheo de testosterona adolescente o peor insulto que había era que che chamaran de maricallas para arriba. Por suposto ninguén saía do armario e se saía del era do moble e nada que ver coa condición sexual. Os homosexuais eran seres rarísimos e moi pervertidos totalmente dignos de desprezo. Pasaron máis de vinte anos desa situación que todos tomabamos normal e agora son eu o que todos os días aturo adolescentes cheos de testosterona.

Moitos días son dos que pensan que como dicía Jorge Manrique “cualquier tiempo pasado fue mejor” pero hai que reconecer que no tema da homosexualidade ninguén con milímetros de fronte pode dicir que o pasado foi mellor. Teño entre os meus

alumnos un rapaz que se confesa homosexual. Xa saíra do armario en primeiro de ESO e chegou a cuarto co respecto e a comprensión dos seus profesores, dos seus compañeiros e incluso das monxas do seu colexio. Non podo imaxinar que pasaría se un dos meus compañeiros en segundo de BUP nos falase do seu mozo pero agora el chegou a presentarnos ao seu mozo e a falar del abertamente. Non falo dunha acollida paternalista por parte do resto da xente a este rapaz. Falo dunha naturalidade e dunha tolerancia da que temos que estar moi orgullosos xa que en poucos anos a nosa sociedade evolucionou para mellor, grazas a Deus. Oxalá sigamos avanzando silandeiamente noutros ámbitos e ninguén poida sentirse excluído por nada nas nosas aulas nin nas nosas rúas.



1



3



2



4



A peneira

1

Nun Congreso que tivo lugar en Ordes sobre a produción de **LEITE**, denunciámos a importación masiva de leite de Francia, así como a suba do prezo dos cereais un 45%, ao que se uniu o aumento do prezo do penso. O 80% do leite galego prodúcese en 110 fábricas, que empregan a 1.600 traballadores. Cómpre atallarmos o minifundismo, que obriga a mercar cantidade, cando podería haber o dobre de superficie de pastos.

2

A trágica morte dunha veciña de Lugo doente de alzhéimer, fainos reflexionar sobre a existencia de case un 12% dos fogares con **DEPENDENTES**. En Lugo só 500 destes fogares contan con axuda domiciliaria, unha poboación que está atendida por 12 traballadores sociais. Urxen coidadores para 50.000 galegos con doenzas mentais (35.000 dos cales sofren alzhéimer), xa que na actualidade o 80% están a ser atendidos por parentes. Xosetina Iglesias de Cambre coida 5 parentes.

3

As eleccións en **HAITÍ** son reflexo da decadencia da democracia occidental, que destina 89.000 millóns de euros a reactivar un sistema financeiro, o irlandés, que foi o causante da súa crise, e 1.300 millóns a Haití, diñeiro que na súa maioría aínda non chegou ao seu destino. Na foto a enfermeira Mónica Alonso, de Médicos sen Fronteiras, natural de Navia, que traballa con 800 haitianos.

4

En Galicia, os pensionistas e quen gozan de prestacións (os 231.740 parados e os 786.255 perceptores doutras rendas) xa superan os activos. Deste xeito, por cada por 100 traballadores temos 101,2 subsidiados (mentres que a media estatal se sitúa en 70 pensionistas). Temos presentes estes datos no Día da Clase **OBREIRA**. O 36% dos Concellos teñen o dobre de xubilados que de mozos. Galicia situouse coma a primeira Comunidade Autónoma en número de parados menores de 44 anos.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Ariel Rot, fuxido da ditadura arxentina, fai unha colaboración co grupo galego-arxentino Phantom Club, que presentaron na Coruña o seu traballo "Nós e os nosos outros". No 2010 estaban rexistrados en Galicia 109.222 **INMIGRANTES** (un 3,4% do total da poboación, dos cales máis de 33.000 están na provincia da Coruña (un 3% do total). Entre os inmigrantes xa existe o dobre de parados que no 2007, atopándose tes de cada dez sen prestación.

6

"**VERMELLAS.** Chamábanlles rojas", é unha exposición que pon nome e rostro ás mulleres represaliadas no golpe do 36, e que podemos ver na Casa das Artes de Vigo ata o próximo 20 de marzo. Está ideada por Carme Blanco e C. Rodríguez Fer, autor do poemario "Ámote vermella". Xa no 2006, en "Unión Libre. Cadernos de Vida e Cultura" editaran as vidas de Juana Capdevielle e de Mercedes Romero, paseadas en Rábade e no Mandeo.

7

Saif al-Islam, fillo e sucesor de Gadafi, ameazou con que a súa ditadura loitaría "ata a derradeira bala". Asusta que parte desta munición e millares de armas coas que matan a millares de cidadáns vendeullas Europa, un negocio cuantificado nuns 112 millóns de euros. Italia, Malta ou a propia España foron países que se aproveitaron desta venda de armamento. **A FALSIDADE** da plutocracia occidental non ten fin

8

O próximo día 20 de marzo vai ter lugar unha manifestación en Santiago contra a Lei da **AUGA**. Vimos do Encontro Irmandiño do Umia, onde se reflexionou contra a privatización da auga, cando está a buscarse un plan integral da conca do río, urxindo a demolición do encoro da Baxe. O capital quere negociar coa auga, atentando con obras hidrolóxicas.

✿ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

✿ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

✿ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

✿ Real,56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

✿ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

✿ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com



✿ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

✿ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

✿ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

✿ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

✿ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

✿ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgical@curgical.com

✿ Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

✿ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

✿ Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

Ás Furtadelas

Íñigo de Barrón

A banca sempre gaña

É frecuente que os xuíces sexan noticia polas resolucións que van contra o sentido común. Este caso é o contrario. A Audiencia Provincial de Navarra ditou un auto no que considera que devolver ao banco o piso hipotecado é suficiente para saldar a débeda, mesmo se a última tasación é inferior ao que debía. Para calquera cidadán, este auto ten toda a lóxica e é o sistema utilizado en Estados Unidos e Inglaterra. Con todo, a entidade, o BBVA neste caso, afirma que é contrario á Lei de Enjuiciamiento Civil, a Lei Hipotecaria e a doutrina do Tribunal Supremo. Poida que teña razón, pero entón é un asunto que vai contra a lei pero que non parece inmoral. De feito, a Audiencia admite que o banco actuou legalmente pero o seu comportamento foi “moralmente rexeitable”. Os detalles do caso son importantes. Un cidadán pide 71.225 euros para comprar unha casa que o banco taxa en 75.900 euros. Tres anos despois, ante a falta de pagamento das cotas, queda coa casa por 42.895 euros, é dicir, 33.005 euros menos, un 43,5% de depreciación. Como o cliente pagara unha parte, reclámalle 28.129 euros e ademais (algo especialmente sanguento), 8.438 euros máis de intereses e gastos. En total, 36.612 euros. Como xa pagara cotas por 4.876 euros, este veciño de Estella deberá pagar 41.488 ao BBVA por un préstamo que pediu para unha casa que xa non ten. Desde calquera óptica parece unha situación absurda e aberrante. Todas as consecuencias da picada da burbulla inmobiliaria págaas o cliente, e o banco sae immaculado grazas a que os cidadáns responden con todos os seus bens, segundo a lexislación española. O que di a lei -que CIU intentou cambiar sen éxito-

é que só o cliente comete erros e paga por iso, pero a entidade (calquera que sexa, porque a maioría actúan igual) non ten ningunha responsabilidade. Alguén pode pensalo? O oficio de banqueiro caracterízase pola prudencia, o coñecemento do mercado e a valoración dos riscos. Cobran por iso. Actuouse correctamente? A negligencia e a cobiza son algunhas das razóns que explican esta crise. O Banco de España alertou de que se estaba quentando o ladrillo desde 2006, pero quedou aí. Non penalizou os préstamos polo 100% da tasación, nin os de promotores ou hipotecas lixo. Non cabe dúbida de que o cidadán, maior de idade e responsable dos seus actos, debía saber o que facía. Pero algo grave fallou no sistema financeiro cando se alimentou unha burbulla na que os pisos subían un 100% mentres os soldos incrementábanse un 25%. Ata o solo se revalorizou un 500% entre 1997 e 2007. Como recorda o auto, os clientes non taxaban os pisos nin eran responsables de que se lles concedesen créditos polo 120% do valor taxado, con importes superiores ao 35% dos seus ingresos. A crise non chegou só porque os clientes pedisen cantidades astronómicas e comprasen todo o que saía ao mercado, que tamén. Desde 2007 houbo unhas 320.000 execucións hipotecarias. Quizá coa chegada da burbulla débese reformular a lei, sen dar un golpe de temón que provoque inseguridade xurídica ou afunda ao sistema, porque todos sairíamos perdendo. Con este caso queda o consolo do dito xurídico: “A lei di o que di o xuíz que di a lei”. Esta vez a banca non gañou.

El País, 29/01/2011

A Candieira Tempo de Coresma, tempo de deserto

Como prepararse para a festa da Pascua? A Igrexa propón o tempo de Coresma, un percorrido de corenta días. A Pascua non se improvisa; se falamos de *subida cara a Pascua*, é porque o camiño de conversión é duro. A Coresma perdeu hoxe o seu impacto social e a súa dimensión colectiva; pode que fose necesario pasar por esta fase moi persoal na que os cristiáns fan balance da súa vida para orientala de forma distinta. A vida é dura; as probas están aí, coa experiencia do fracaso e a dúbida. Quen atravesa o deserto sen entrar na soidade e a noite? Entón xorden as preguntas: Que é o que me fai vivir? Que é o que me impide vivir? Que é o que me permite manterme en pé? Cara a cara comigo mesmo, teño que facer opcións para dar unha orientación nova á miña vida. Cales serán as miñas loitas? Onde están os meus apoios?

O deserto é un dos símbolos máis importantes da Coresma. Mais o deserto non é tanto un lugar onde deberíamos ir, canto *un camiño interior* a emprender. Ir ao deserto é unha experiencia que realiza moita xente sen busca-la, cristiáns ou non. Quen non viviu un momento dado da súa

vida a *travesía do deserto*?: deserto na cidade, na familia, no hospital... Descubrimento da soidade, que nos permite descubrir a verdade da propia existencia. Facer a propia travesía do deserto indica atravesar época difícil, mesmo perigosa; deixamos atrás o coñecido, o que amamos, para pasar á outra beira. Xesús foi conducido ao deserto polo Espírito para tomar un camiño de soidade que lle fai baixar até o fondo do seu propio ser. Chegálle a hora de enfrontarse ás grandes opcións da súa vida. O pobo hebreo será levado ao deserto para prepararse á aventura da conquista da Terra prometida.

O deserto non só é tempo de proba. É tamén, especialmente, tempo en que Deus pode falar ao noso corazón e facernos descubrir os signos da súa presenza. Un tempo para o reencontro e para unha nova mocidade; novas chamadas que dan sentido ao noso existir. Un tempo de conversión que nos abre ao que non imaxinamos. A experiencia do deserto logra que non podamos escapar a nós mesmos: estamos confrontados a nós mesmos.

Ao longo da Coresma, a *Palabra de Deus mostra toda a súa riqueza*. É



luz no camiño. Árdenos o corazón. A *oración* fai respirar a alma e ábrea ao futuro de Deus. Opérase un cambio en nós que nos dá outra ollada sobre os demais e sobre nós mesmos. A Coresma é un tempo para *facer xustiza* cos que a sociedade abandona. A solidariedade non é optativa. Renunciar aos demais sempre é renunciar a un mesmo.

Os cristiáns están convidados a camiñar xuntos cara a Pascua, co xesto de compartir e como sinal de que *outro mundo é posible* para a vitoria da vida sobre a morte, do amor sobre o odio, da xustiza sobre o egoísmo.

Jacques Gaillot, bispo de Partenia, diocese sen fronteiras

O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



Entrevista con Manolo Sordo (parroquia Cristo da Victoria)



A punto de cumprir 40 anos dende que os dominicos e dominicas chegaron ao barrio de Coia, achegámonos á parroquia para conversar con Manolo Sordo, irimego, sobre o pasado, o presente e o futuro desta comunidade parroquial.

Como foron os comezos?

MS: Pola invitación dos bispos galegos a cambiar as misións populares que facían os dominicos en Galicia por pastoral parroquial nos grandes núcleos urbanos que se estaban a constituír nalgúns cidades, como Vigo. Así, chegamos a Coia, barrio dormitorio de Vigo naqueles tempos, os dominicos e as dominicas.

Como foron os primeiros pasos nesta misión?

MS: Foron de resposta ás necesidades do barrio: escolas públicas, centro de saúde, zonas verdes, transporte público, organización comunitaria no eido veciñal, cultural e social (xuvenil, da muller, ...) sen deixar de lado os aspectos propios da pastoral de calquera parroquia (liturxia, catequese). Pero iso si, sempre dende as novas liñas marcadas polo Concilio Vaticano II. Nun principio en locais prestados, pois non había dependencias parroquiais.

Estes comezos foron moi importantes porque marcaron o estilo de traballo na parroquia.

E Irimia que tivo que ver neste proceso?

MS: Tivo moita importancia porque marcou outro aspecto fundamental na vida da comunidade parroquial, pois engadiu, ao compromiso da fe co pobo, o compromiso coa galegitude. Dende a primeira Romaxe do Pedregal de Irimia e o primeiro Cruceiro, a parroquia estivo presente en Irimia. A pastoral adoptou un estilo marcado por estes vencellos.

Non faltou a comunidade a ningunha Romaxe?

MS: Vén estando presente en todas elas, ademais de participar activamente na organización dalgunhas delas: a celebrada no monte Aloia no ano 83 ("O Miño non separa") e a celebrada en Camposancos no ano 2002 ("Rumores de boa nova"). Os do Cristo da Victoria sempre fletamos cando menos un autobús para achegarnos a todas as celebradas até o de agora.

Algún feito salientable neste período?

MS: Coa inauguración do Complexo parroquial notouse unha potenciación e desenvolvemento de todas as actividades. Pois ademais de parroquia converteuse no centro cultural e social do barrio (aínda nestes días estamos a agardar pola construción dun centro cultural ou cívico no barrio).

Tamén marcou un notable desenvolvemento da parroquia como comunidade de comunidades, xa que comezaron a formarse comunidades cristiás populares de xoves e adultos cun notable compromiso no eido pastoral, social e cultural.

Foron tempos difíciles porque o barrio estaba moi politizado e os partidos políticos non eran moi partidarios desta evolución.

E hai algún outro feito que queiras destacar até hoxe en día?

MS: Un dos maiores logros foi conseguir converter a Coia nun barrio habitable a través das loitas populares. Xa nos 90 tiña dotacións educativas suficientes, centro de saúde, transporte público e sobre todo unha gran zona verde, o parque da Bouza, rescatada das gadoipas da voracidade



inmobiliaria, que é o pulmón e centro de encontro e lecer do barrio.

Outro feito salientable foi a implicación activa da comunidade parroquial no desenvolvemento do Sínodo diocesano celebrado entre os anos 2002 e 2006, marcando unha liña de fidelidade ao Concilio Vaticano e aos documentos posteriores dos bispos e tamén á teoloxía da liberación e do recibido de Irimia no compromiso coa galegitude na fe.

Isto tamén foi causa dalgúns disgustos, pola oposición dos movementos máis conservadores da diocese. Aínda que supuxo unha oportunidade para presentar outra visión da Igrexa que tamén existe e é posible, e que tivo como resultado o achegamento á comunidade parroquial doutras persoas que descubriron un xeito diferente de estar na Igrexa.

Como foi posible acadar todo isto?

MS: Grazas a moitas persoas que foron pasando pola nosa comunidade parroquial e enriquecéndonos coas súas aportacións e testemuñas en varios momentos: co gallo da celebración das charlas de Advento e de Coresma e nos congresos do Colectivo Verapaz. No eido galego cabe salientarmos Manolo Regal, Pepe Chao, Torres Queiruga, entre outros, e no eido da teoloxía da liberación Gustavo Gutiérrez, Ivonne Guevara, Frei Betto, José M^a Vigil tamén estiveron acompañándonos. José Antonio Pagola foi o último en visitarnos.

Nestes intres como está a organizarse a comunidade parroquial?

MS: Máis importante que persoas en concreto, é o feito da participación

comunitaria, xa que as decisións na nosa comunidade son tomadas de xeito asambleario (assemblea parroquial, consello de comunidade “con capacidade de decisión” e diversas comisións e ministerios: catequese, enfermos, acción social, movemento veciñal e liturxia). Polo tanto non hai un liderazgo concreto, se non que a forza da nosa parroquia reside na comunidade de comunidades.

Que retos se presentan cara ao futuro?

MS: O noso compromiso é seguir a desenvolver e reforzar esta liña evanxélica e comunitaria: o mellor coñecemento do evanxeo de Xesús e a conciencia clara de que os ministerios no futuro non van ser clericais se non laicais.

Esperamos que en poucos anos un home ou unha muller da comunidade perdan o medo e poidan presidir unha eucaristía e mesmo o consello

da comunidade e a asemblea parroquial.

Que dificultades ves neste camiño?

MS: As dificultades que estamos a observar son o achegamento das xeracións novas. Nun momento a comunidade supuxo para eles un lugar onde encher as súas necesidades de socialización e tempo libre, cousas que agora atopan tamén por outros camiños. Temos por diante o reto de facerlles chegar o evanxeo de Xesús, conectando cos seus desexos máis profundos.

Afirmamos que formamos parte clara da Igrexa como institución, da que non queremos desvencellarnos, que formamos parte da espiritualidade dos dominicos e ao mesmo tempo somos igrexa popular, de base e galega e participamos en todas as redes eclesiais de Galicia, representadas por Irimia e a Coordinadora de Crentes Galegos e fóra de Galicia, a través de Redes Cristianas.



Municipais 2011 Mobilidade urbana: mitos e lendas

Jesús Martínez Espiñeira



Existen certos aspectos relacionados coa mobilidade urbana sobre os que a opinión xeral da poboación (e aínda dalgúns técnicos e políticos) difire totalmente da dos expertos, e é contraria tamén á experiencia de décadas. Moitas veces resulta complicado defender solucións que, segundo a opinión comunmente aceptada, parecen radicais ou simples despropósitos. Hai moitos exemplos destes “mitos”; pero aquí soamente tratarei algúns de actualidade, que incumben en parte aos responsables municipais, e que podo ilustrar con exemplos.

Ao reducir a velocidade máxima permitida, redúcese a capacidade da vía e aumentan os atascos.

Para un mesmo tramo de vía existen dúas velocidades moi distintas para as que a súa capacidade é a mesma. Isto é debido a que a velocidades menores a densidade de vehículos na calzada é maior e por tanto, é posible (e desexable) reducir a velocidade sen reducir a capacidade. Soamente hai que priorizar a capacidade e a seguridade fronte á velocidade, ao contrario do que se veu facendo até agora. Un exemplo son os accesos a Barcelona, onde se reduciu a contaminación, os accidentes e a súa gravidade.

A solución aos atascos pasa por aumentar o número de carrís dispoñibles.

É un feito comprobado que aumentar o ancho e o número de carrís nunha vía provoca máis do tráfico. É dicir, xera máis viaxes, moitas delas innecesarias, provocando a medio prazo os mesmos problemas que pretendía resolver, converténdose nun círculo vicioso. En moitas cidades, están a tomarse medidas en sentido contrario, reducindo o ancho e o número de carrís libres, e introducindo medidas máis eficientes como carrís segregados para transporte colectivo ou de alta ocupación. A solución aos atascos na entrada á Coruña pola N-VI pode pasar por ampliar a ponte e aumentar o número de carrís en

Alfonso Molina, ou por implantar un carril bus-VAO e mellorar o transporte público.

Eliminar prazas de aparcadoiro en zonas comerciais reduce o número de clientes.

Isto xa case ninguén o defende, pero aínda hai zonas onde os comerciantes reclaman do concello máis prazas de aparcadoiro. O sentido común e a experiencia dinnos que as zonas onde se eliminou o aparcadoiro das rúas e se aumentou e mellorou o espazo para os peóns, aumenta considerablemente o tráfico de peóns (que son os que entran nas tendas) e por tanto, o negocio dos locais comerciais.

As cidades galegas (aínda que estas son escusas universais) non son aptas para o uso da bicicleta como medio de transporte.

As razóns que se aducen son basicamente o clima e a orografía. A primeira non resiste unha argumentación lixeira, xa que en primeiro lugar, se fose así, tampouco se podería ir andando, xa que se sofre igualmente o clima, e como todo o mundo sabe, nos países con maior porcentaxe de ciclistas o clima é moitísimo peor que en Galicia (non existe mal clima, senón vestimenta inadecuada). A segunda razón podería ter un pouco máis de forza en aparencia, xa que está claro que os Países Baixos ou Dinamarca contan cunha orografía moito máis



benigna. Pero, en primeiro lugar, iso non significa que non haxa pendentes (nin vento), e en segundo, en Lugo, por exemplo, o 83% das rúas teñen unha pendente menor do 4% (perfectamente ciclable), pero é que o 51% ten unha pendente menor do 1%. De feito, todo o centro e as principais arterias Norte-Sur son practicamente planas.

Cando se instala un novo centro de traballo ou comercial debe dotarse ao mesmo dun servizo de transporte público que cubra todas as súas necesidades, e unha gran cantidade de aparcadoiros gratuítos.

Debemos ir tomando conciencia de que o modelo urbanístico que se seguiu até agora, baseado na demanda, non é sustentable, e é claramente ineficiente. As cidades non deberían adaptarse ás novas dotacións ou centros de traballo sen máis, senón que son estes centros os que se deben adaptar á cidade empregando as mellores técnicas dispoñibles en materia de eficiencia enerxética (isto inclúe consumos, tratamento de residuos, mobilidade, etc). Tal e como xa se fai en moitos lugares (Cataluña como exemplo en España), a lexislación obriga os grandes centros de traballo a realizar estudos de mobilidade xerada e propor medidas como, por exemplo, dificultar o emprego de vehículos particulares e promover, mesmo economicamente, o transporte colectivo.

A conxestión é un problema a evitar custe o que custe.

Nalgúns casos, un certo grao de conxestión nalgunhas vías é aconsellable para disuadir certos tráxicos (de paso, parasitarios, ou directamente innecesarios). Por iso, como xa se comentou, moitas veces non é recomendable aumentar o número de carrís ou facer vías novas.

En modos de poboamento disperso é imprescindible o vehículo privado.

Nas cidades de todo o mundo a maior parte dos desprazamentos habituais son de menos de 5 km., incluídas as cidades americanas máis dispersas (en Lugo o 76%, en Santiago o 66%, en Ourense o 85%). Nesas desprazamentos a bicicleta é máis rápida que calquera outro modo de transporte. Pero en calquera caso, densidade e uso da bici non se relacionan

en absoluto: de feito, dúas das cidades onde máis se usa a bici (Assen e Groningen, nos Países baixos) son cidades relativamente dispersas (con desprazamentos habituais de máis de 10 km).

O espazo público é de todos e por iso a súa utilización debe ser libre e gratuíta.

Que o espazo sexa público non significa que cada un poida apropiarse dunha parcela do mesmo. Por exemplo, ao deixar na vía pública un vehículo (o cal moitos consideran un dereito), o que se está facendo é un uso privativo dun ben público para algo que na maioría dos casos non se pode considerar imprescindible (é imprescindible deixar o coche na rúa en lugar de pagar un garaxe ou parking? Por que non o é o deixar os mobles vellos?)

Conclusión

Debemos lembrar algúns puntos básicos que se nos esquecen moi facilmente:

- nas cidades viven cidadáns, non condutores, peóns, ciclistas, etc.
- do que se trata é de garantir os desprazamentos das persoas, non dos coches.
- solucionar o problema da conxestión simplemente aumentando a capacidade das vías só dará un resultado: máis coches.
- os coches son coma o gas: en ausencia de restricións, móvense libre e caoticamente, e ocupan todo o espazo dispoñible.
- aos locais comerciais entran persoas, non coches.

Entrevista conversa con Henrique Monteagudo

Lupe Cendal

Henrique Monteagudo, profesor de Filoloxía Galega na USC, publicou recentemente o informe

Por un proxecto de futuro para o idioma galego, unha reflexión estratéxica sobre o noso idioma. Ante o debate aberto por esta obra, en Irimia decidimos facerlle esta entrevista.



Henrique Monteagudo, á dereita, xunto a Antón Reixa, na presentación do informe. FOTO: Bruno R.

- Unha das cuestións máis polémicas do informe parece que foi a introdución do concepto de “bilingüismo restitutivo” que levantou ampolas entre aqueles que consideran que o bilingüismo, co apelido que sexa, non é un concepto que se poida barallar dentro da sociolingüística galega para programar o futuro da nosa lingua. Despois de todo o que che argumentaron en contra, arrepiñíste de telo empregado?

Eu non sei se ‘argumentar’ non será un termo demasiado xeneroso para algunhas críticas furibundas que se me dirixiron. O certo é que ese é un debate que tiñamos que ter superado, e se non o temos é por pura superstición ideolóxica dun sector moi concreto do nacionalismo, cun discurso absolutamente confuso e moi pouco fundamentado, que a final se resume nunha cousa: “na mobilización pola lingua mandamos nós”. A verdade é que estou moi contento de pór o debate sobre o bilingüismo enriba da mesa. É máis, puxen como condición para redactar ese Informe que entrásemos nese asunto abertamente. Xa sabía que ía levantar moita revoeira, pero hai tópicos que non se poden modificar doutro xeito que non sexa chamar as cousas polo seu nome. A

Galiza na actualidade, dada a súa xa enorme implantación. Ata hai pouco, cando falabamos da “lingua propia de Galicia”; mesmo da “nosa lingua” non había dúbida a que lingua nos referíamos. Agora si?

Non teño ningunha dúbida sobre o feito de que o galego é a lingua propia e orixinal de Galicia, e podemos denominalo ‘a nosa lingua’ por antonomasia. Outra cousa é deixar claro, por se hai dúbidas, que non distinguimos galegos de primeira e galegos de segunda, conforme falen ou non o galego. Galegos/as somos todos, e os castelanfalantes teñen que sentirse plenamente lexitimados e concidadáns nosos. Outra cousa é que lles fagamos ver e sentir a necesidade e a conveniencia de apoiaren o idioma galego, aprendéndoo e usándoo, ao menos en certos ámbitos públicos e profesionais. Sen dúbida, as leis, as normas e as políticas gobernamentais son fundamentais para a promoción do galego, pero non imos gañar a batalla social se non é mediante o convencemento (racional) e a sedución (emotiva) da maioría da poboación, incluíndo a castelanfalante. Para iso temos que lanzar mensaxes convincentes e construír unha imaxes atractivas: non queda máis remedio que enfrontarnos con todas as nosas forzas e intelixencia coas políticas perniciosas para o galego e cos grupos contrarios a el, pero non confundamos estes coa maioría dos castelanfalantes, porque nese caso estámolos colocando na nosa contra.

- No informe denuncia a existencia de elites económicas e políticas cunha actitude abertamente hostil contra o noso idioma. Partimos de que en Galicia non existen cidadáns xeneticamente incapacitados para empregar o galego. Daquela, que está pasando?

Eu coido que estamos asistindo a unha grande transformación das condicións de existencia social do galego,

Se non tivésemos deixado a defensa do bilingüismo nas mans dos anti-galego (e, de feito, anti-bilingüismo), teríamos moito máis doada a contraofensiva.

noción de ‘bilingüismo restitutivo’ abrírase camiño pola propia forza da evidencia. Non teño dúbida ningunha sobre iso.

- Tampouco foi ben recibido desde o nacionalismo o aviso que enviabas de que cumpría deixar de denominar o castelán como lingua estranxeira en

e tamén das ideoloxías lingüísticas. Sectores da elite social de Galicia non daban demasiada importancia ao galego porque non se consideraban moi atinxidos. Nun momento dado, sentiron ameazada a súa posición como elite dirixente, e doutra banda, comezan a sentir a ignorancia do galego como unha desvantaxe, cousa que ata agora non acontecía. Están dispostos a transixir co galego sempre que non sabelo careza de custo: así, poden ignoralo de balde. Pero se non sabelo ten algún custo, aínda que sexa mínimo (sentirse incómodos nunha situación, porque resulta que quedabas mellor falando galego), daquela rebélanse. Non nos decatamos, pero na medida en que saber o galego ten algún valor (e foino gañando) os bilingües temos unha vantaxe que eles non teñen. Nin están dispostos a aprender e usar o galego, idioma que desprezan, nin tampouco queren que sabelo supoña ningún tipo de vantaxe. De aí tamén a reacción que están levantando na España monolingüe: amólalles que nós saibamos a súa lingua, e ademais a nosa. Non queren que teñamos ningunha vantaxe por iso. Pero precisamente esa vantaxe é o principal incentivo para aprender a nosa lingua, e é fundamental para o seu futuro que o seu coñecemento e uso sexa obrigado para certas funcións sociais, exactamente igual ca o que pasa co castelán. Por outra banda, a maneira de obter esa vantaxe é moi sinxela: aprender e usar a lingua. Simplemente, hai que estar disposto e facer o esforzo.

- Tras case 30 anos de “normalización” do galego, lánzanse mensaxes como a de que o galego non serve para as matemáticas ou para a tecnoloxía. No informe súxírese unha mudanza nas estratexias “normalizadoras” empezando por relativizar o obxectivo do monolingüismo social. Houbo moitas voces en contra, cres



aínda que hai posibilidades de mudar esa estratexia?

En realidade, esa estratexia xa está abandonada. Non hai máis que lembrar a resposta que demos á campaña contra o galego, que xirou arredor da reivindicación da ‘convivencia lingüística’. Que significa iso se non é un abandono do horizonte monolingüista? O que acontece é que en cer-

nos envolveron coa ‘imposición do galego’ e a ‘liberdade de lingua’.

Aclarémonos: que queremos unha Galicia bilingüe, en que toda a poboación saiba manexarse nas dúas linguas, e poida facelo con comodidade; ou ben dúas Galicias monolingües, unha en castelán e outra en galego (a segunda inviable, pois materialmente non é posible ignorar o castelán)?

O reto é navegar, ollando para as estrelas, que indican o roteiro, pero sen perder de vista o mar, que é o noso día a día.

tos sectores hai tendencia a adoptar acomodados tácticos, pero sen repensar e reformular o fondo das cousas (ás veces por pura incapacidade, ás veces por falla de valentía ou de lucidez). E eses amaños valen para ir tirando un tempo, pero chega un momento en que se non constrúes un proxecto e un discurso coherentes, cometes erros evitables (a campaña de denuncias ao profesorado que incumpría o decreto, por exemplo: desde cando unha organización cívica ten que exercer a inspección?), caes en contradicións (defender a convivencia e atacar o bilingüismo) e veste encerellado nas trapelas que che tenden. Foi así como

- Do informe despréndese unha fonda preocupación pola situación actual e futura do galego, pero, con todo, respírase optimismo. Séguelo mantendo despois de que, a xente que tamén comparte esa preocupación polo futuro do galego, “se botase a ti coma o galo ao millo”?

Eu xa vivín momentos moito peores para a lingua, e debates moito máis duros. Quedo abraiado cando oio dicir a persoas de menos de trinta anos que o galego está no peor momento da súa historia. A min xa me expulsaron dun centro educativo, no ano 1975, por montar unha mesa par vender libros en galego o día das



○ labirinto do galego.

letras galegas. E para polémicas, as campañas de certo sector do reintegracionismo nos anos 80, inzadas de ataques persoais absolutamente brutais. Eu creo que o galego ten futuro porque teño confianza neste país (unha confianza razoable, non ilimitada). Conseguimos moitas cousas nestas décadas, e ás veces con tanta campaña negativa, non somos quen de velo e aprecialo, o que melloraría sensiblemente a nosa autoestima.

- Para rematar, poderías resumirnos cales serían as estratexias fundamentais para reverter a situación actual do galego?

Agora mesmo, eu penso que o fundamental é pór en marcha unha nova 'revolución cultural' como a que ao longo da década dos '70 conseguiu revitalizar o idioma galego (que se atopaba nunha deriva desastrosa) e situalo no centro das preocupacións dos sectores máis innovadores da nosa sociedade, e a partir de aí obter un grande impacto social. Sempre digo que na competencia entre as linguas, leva as de gañar sempre a que se asocia á innovación social. O fundamental é abrirse paso na mocidade, e abrírlle paso a esta. O noso país está avellentando a pasos axigantados, e o nacionalismo está arriscándose a quedar como un dos sectores máis conservadores e inmovilistas: o repregamento condú-

cenos directamente á irrelevancia e a marxinalidade.

E como poñemos en marcha esa "revolución cultural"?

Temos que reconstruír un amplo consenso básico a prol dun galeguismo fundamental, que atravesese transversalmente a sociedade. Foi unha traxedia que nun momento dado o nacionalismo se divorciase do galeguismo, e o peor é que está a piques de volver facelo. Para min, non hai nada máis urxente que construír un novo proxecto (de lingua e de país) e articular un novo discurso. Sen esquecer, claro está, que temos que dar a batalla diaria para defender o galego das constantes agresións das forzas centralistas, na política, nos medios de comunicación, na cultura, etc. coa complicidade máis ou menos aberta e máis ou menos activa nada menos que da Xunta de Galicia (comezando polo seu Presidente), a dirección do Partido Popular e outros importantes sectores. E hoxe por hoxe, o campo de batalla crucial é o ensino.



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrán Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscripciones@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81

TIRADA: 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Erguédevos, non teñades medo!

A piques de comezar o camiño de Xerusalén os evanxelistas relatan a escena da transfiguración. A tensión dramática que antecede a narración nótase nas palabras de Xesús sobre a súa misión e o seu destino final (Mt 16, 21-28) e nas dificultades que teñen os discípulos para descubrir a verdadeira identidade do mestre (Mt 16, 21-23).

A exéxese e a espiritualidade ao longo dos séculos foi interpretando de diversas maneiras este acontecemento, mais sen acabaren de romper esa sensación de irrealidade que parece desprenderse da narración. É difícil afirmar a súa historicidade, pero é imposible evitar a forza teolóxica que ten o relato.

Deixando de lado as interpretacións históricas, o relato na transfiguración sitúanos na pregunta clave de quen é verdadeiramente Xesús. A resposta ven envolvida dunha serie de símbolos e imaxes que para nos hoxe son difíciles de interpretar pero que buscan transmitir o carácter singular de Xesús coma Mesías e fillo de Deus.

Con todo, esta presentación de Xesús non quería só dar unha información os ouvintes do evanxeo, senón que buscaba animar a súa fe e sobre todo escorrentar o medo e a inseguridade que podían experimentar os e as crentes ante o rexeitamento e a persecución que estaban a sufrir por proclamar que a vida e as palabras de un crucificado xudeu daban sentido a súa vida e visibilizaban a verdade de Deus. O relato, en toda a súa elocuencia simbólica, posuía a forza de mobilizar o corazón e a esperanza dos homes e mulleres daquelas primeiras comunidades cristiáns.

Carme Soto

O ECO

Sabemos de todo. Temos explicación para calquera cousa que aconteza. Podemos participar, sen temor a ficar en silencio, nun dos abundantes faladoiros televisivos. “Xa cho dixen eu!”, “Érache visto!”, son expresións que acotío utilizamos cos nosos familiares e amigos. Xa nada nos sorprende. Eses ollos abertos e atentos do cativo que descobre algo novo hai tempo que ninguén o viu reflectido no noso rostro. Sen sorpresa non hai transformación. Sen desexo de descubrir o que hai detrás non hai posibilidade de cambio. Mais hai veces, que mesmo na máis monótona das existencias todo muda e onde antes só mirabamos grises atopamos agora un descoñecido ronsel de cores, onde o tempo se pare e onde o que para nós era fundamental pase a ser ridículo e accesorio. E non é necesario, como nos filmes, que unha grave doenza nos deixe só tres meses de vida, senón que sexamos capaces de mudar a nosa ollada e percibir o que nos arrodea sen ningún tipo de prexuízo.

José A. Martínez

DOMINGO 20 DE MARZO. 2º DE CORESMA

Mt 17, 1-9

Naquel tempo, levou Xesús consigo a Pedro, a Santiago e a Xoán seu irmán, e subiu con eles sós a un monte alto. Alí transfigurouse diante deles; o seu rostro resplandecía coma o sol; e os seus vestidos viraron brancos coma a luz. Nisto aparecéuselles Moisés e tamén Elías, que estaban falando con el. Pedro colleu a palabra e díxolle a Xesús: “Señor, que bo sería ficarmos aquí! Queres que faga aquí tres tendas, unha para ti, outra para Moisés e outra para Elías?”. Aínda el estaba falando, cando apareceu unha nube luminosa que os cubriu; e ouviuse unha voz que dende a nube dicía: “Este é o meu Fillo benquerido, o que me complace; escoitádeo”. Ao escoitaren isto, os discípulos caeron debruzados, cheos de temor. Xesús, achegándose, tocounos e díxolles: “Erguédevos, non teñades medo!”. Levantando os ollos, non viron a ninguén fóra de Xesús. Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles: “Non lle faledes desta visión a ninguén, ata que o Fillo do Home resucite de entre os mortos”.

A PALABRA

A CLAVE

Falando da lingua Barco grande, ande non ande!

Lidia e Valentina



“Pola boca morre o peixe...”

Hoxe arrimounos para a fraseoloxía do mar. Si, porque cando facemos alusión a ditos e refráns, case sempre lles toca ós relacionados coa terra, en poucas ocasións lles cadra ós do mar, e sabedes que temos en Galicia 1195 quilómetros de costa? Ben merecen un anaquiño do noso tempo! Será tamén por aquilo de que chega a primavera e é tempo de ir pescar!

Certamente, nun país costeiro coma o noso, é normal que mesmo aqueles que non viven en localidades lindeiras co mar usen unha chea de expresións que teñen a súa orixe no mundo marítimo. Onde non *chove a mares*? Ou nunca lle dixestes a alguén *Xa picarás!* coa idea de “xa caerás”, como fai o peixe co anzol? Tamén teredes oído *ollo á boia* co sentido de “coidadiño!” E que nos dicides de *ser coma o peixe branco*? Évos unha expresión ben bonita para indicar que algo é de boa calidade. *Estar mazado coma un polbo* coñécea todo o mundo porque o polbo é ese peixe que case se cociña máis (e mellor) en localidades de interior ca en costa. E pódese *estar escamado*, cando se está desconfiado, cando se sospeita de alguén ou de algo. Incluso un pode *afogar en pouca auga*, que na súa orixe se utilizaba para referirse a un mal mariñeiro, en terra veu significar ver dificultades por pouco motivo. Cando a alguén lle queda moito por aprender dise

aquilo de que *aínda ten moito que remar ou moito por remar* e quizais incluso deba cambiar de rumbo. Seguramente máis de un e de unha estiveses algunha vez *encarnados coma cangrexos* despois de estar ó sol coma lagartos, ou *nadades coma peixes* e non saídes da auga? Respecto do cangrexo tamén hai quen anda ó revés coma el, facendo as cousas sen xeito. E ás veces un *safa ben* (expresión que os mariñeiros utilizan para definir unha boa pesca), sae exitoso do perigo, pero outras *pica o anzol*, cae no engano e entón xa *safa mal*. Con tantos contratempos non é difícil tocar fondo, sentirse acabado. Moitas veces hai que *capear o temporal*, *sen perderse pola boca* e botar un mar de xuramentos, ir facendo como se pode para superar ese momento delicado, e *saír a flote*, repoñerse, non queda outra Así e todo, hai que estar atentos porque *a quen tarde embarca, un remo torto nunca lle falta* Boa pesca!

O Fachineiro da lingua

Segundo ano de paz

Anda Feijoo celebrando o seu segundo ano de paz, que falando de lingua quere dicir dous anos ataniscando no galego, rillando decote o seu estatuto legal ou directamente con trabadas no cerne da normalización. O bilingüismo cordial chegou ás aulas, asegura. Os centros de ensino son un remanso de paz, pero por se acaso inclúe no anteproxecto da Lei de convivencia o abeiro para a súa “consulta ás familias”. Hai quen din que os paus na lingua son o alimento que saca a caverna estenocefálica para contentar os propios, ter entretidos os



alleos e que nin uns nin outros se lembren, agora que somos unha comunidade punteira en xeración de paro, daquilo de acabar con problema en 40 días. Pode ser, pero para min que a uniformización, a lingua única, a privatización... son pegadas cromosómicas que xa veñen de serie nas mentes neoliberais: o mesmo lle vendo a empresa pública ao amigo que privatizo a auga (tamén a chuvia!). E se a xente se rebota contra o desatino, pose de Burt Simpson. I didn't do it. Nobody saw me. Que se me note pax plurilingüística.

A.Q.